

Aspectos da realidade

Manuel Guede Oliva

(Á memoria de Luís Mariño, claro)

Por máis que me lamente agora deberei de confiarme, unicamente, a unha memoria abatida e tramposa, pois os que poderían verificar esta historia xa están mortos e os que aínda permanecen remataron diluíndose nun anonimato tan irremediable que non sería capaz de dar con eles.

Pero podo afirmar que foi o Luís Mariño quen me fixo depositario do relato, aínda que o tempo transcorrido e o confuso escenario no que aconteceu todo aquilo terán que disuadirme de facelo categoricamente. Creo lembrar que os dous estabamos bébedos, pero eu moito máis damnificado. Eran as secuelas de pretender competir con quen se definía a si mesmo como o mellor tradutor ao galego de Johnny Walker: Luis Mariño, aquel dandi francés que Compostela lle entregou ao mundo.

Desde esta neboeira desculpádeme as fendas da memoria e os fatais intersticios cos que o alcohol adoita castigar o atrevemento. Pero así foron as cousas e mentidas poderían adornar os pormenores pero non saberían eludir a impostura.

Tiña completamente esquecido este episodio ata que dous felicísimos azares confluíron nunha conxuración

nostálxica, e dalgún lugar recóndito de min pronunciei o seu nome: Jacinto Sastre, fotógrafo.

A Luís Mariño déralle por falar-me del unha tarde que pasei no seu piso do Preguntoiro, alá polo outono de mil novecentos noventa e sete. Mellor dito, Luís puxérase tremendo e transversal e ordenara ilustrar aquelas horas crepusculares facendo o inventario dos suicidas admirables da historia da cultura: de Sócrates a Poulantzas, de Van Gogh a Mark Rotkho, de Antero de Quental a Alexandra Pizarnik. Defendía Luís naquel solpor etílico o prestixio da desesperación, os esplendores do fracaso, a elevada fartura dos países que lle entregan á nada aos seus mellores fillos a cambio de ofrecerlles solemnes funerais futuros. «Aí tamén se mide o músculo dunha nación...» Debín de disentir, supoño que replicaría correcto e razoable, e imaxínome matizando que detrás dun suicida só hai unha melancolía irremediable e que a elección dunha morte voluntaria é un acto tan íntimo que non admite bandeiras, pero non estou moi seguro de que dixese gran cousa. Como deixei advertido, non teño nin sequera a garantía absoluta da existencia daquela tarde no Preguntoiro.

OUTONO FOTOGRAFICO 2007

Supoño que Luís, pola ollada piadosa que me dedicou, atoparía a miña observación decepcionante ou se cadra é que non estaba disposto a permitir que a súa teoría suicida tolerase a discrepancia ou talvez todo veña inferido polos meus propios escrúpulos mesturados de esquecemento.

–Todas as grandes culturas souberon fornecerse a si mesmas de insubornables artistas suicidas. Este é un asunto irrefutable –sentenciou o editor.

–¿E admite o matiz?

–Sempre e cando non resulte unha necidade ornamental ou un tópico misericordioso.

–¿E se me protexo cunha cita preliminar de Durkheim para impugnar as túas teorías?

–Non me moverás das posicións.

–Daquela, dimito. Di, Luís: ¿a onde queres chegar?

–Que a cultura galega, por non ter, nin ten suicidas competentes.

–¡Coño! Aí estás no certo. Pero pensa, tamén, que ela mesma é un elaborado retrato de vocación suicida.

–Coñezo as teses de Cuevillas. O devanceiro de Ourense o único que fixo foi denunciar a nosa ineficacia como pobo. Nin somos capaces de suprimirnos *comme il faut*.

–E iso que intentar, intentamos.

–Xa ves. Dime o nome dalgún suicida relevante na Historia de Galicia.

–Aurelio Aguirre.

–Iso é moito aventurar. Quedar quedáballe ben á biografía de Aguirre un final tan espléndido, pero se cadra morreu no Orzán por un vulgar corte de dixestión.

–¿E que me dis de Vesteiro Torres?

–¿Quen vén sendo...?

–Non lle negarás a Vesteiro a súa condición suicida.

–A el non. Escolleu un bo lugar para facelo: pegouse un tiro nunha das salas do Museo do Prado. Por certo, sempre lle atopei un certo parecido co Greco.

–Máis ca iso: un era Theotokopoulos e o outro Teodosio.

–Veña, home... Estaba de brincadeira co dos parecidos. Un era grande e o outro un seminarista de Tui.

–«A Galería de Gallegos Ilustres» é unha obra valiosa.

–Unha rosmada enfática e resesa. Galegos e ilustres rematan convertidos, nese pénsil, nun oxímoro. Cando eu falo de suicidas non estaba a pensar no perpetrador de tal indulxente galería.

–Cando te pos inaudito, Luís, resultas moi cruel.

–Estrito. Cando me poño estrito.

–¿Queres que o impugne ou prefires que me sirva outro whisky?

–Se decides o whisky quedarás brillante.

–Fareiche caso.

–Pero hai unha excepción. Chamouse Jacinto Sastre.

–Agora, ademais de soprado, estou completamente perdido.

–Coñecín a Jacinto Sastre no Serenou de mil novecentos setenta e tres. Eu entón traballaba nunha librería da túa cidade. ¿Quen non ten malas épocas na vida...? Non obstante, aquel período, economicamente inmundo, permitíume frecuentar as tertulias do «Miño» e do «Parque», descifrarlle os reberetes a don Eduardo Blanco Amor e concederme o afecto de Jacinto Sastre.

–Non parece un balance ruinoso.

–Non o foi. Ata chego a lembralo con nostalgia.

–Moitas grazas no nome de Serenou.

–Iso é o que me gusta de ti.

–¿Que?

–A chularía.

–Afouteza. En Serenou chamámolo afouteza... ¿E de Jacinto Sastre?

–De Jacinto Sastre admirei o seu instinto depredador cunha cámara na man, a súa soidade innegociable e como recitaba en xaponés os *haikus* de Yosa Buson.

Se estivese seguro de que todo isto foi certo, de que aquela tarde existiu, de que este relato non é o resultado dunha evocación equívoca ditada con palabras rescatadas dunha neboeira alcohólica, daquela xuraría que vin como Mariño limpaba do seu rostro unhas bágoas cautelosas.

–¿Tanto estimaches a Jacinto Sastre?

–¿Por que?

Non quixen aguillar naquela dor antiga e propúxenlle a Luís que me ofrecese a gravación de Richard Burton recitando a Macbeth que en tanta estima tiña e que formaba parte das rarezas sonoras que completaban a súa selecta discoteca.

Entendeu o meu compasivo artificio Luís Mariño e recompoñendo voz e circunstancias retomou as nostalxias, sen considerar a insinuación.

–Era un home áspero, quebradizo, vital. Na calixeira na que o coñecín parecía que o mundo lle declarase a guerra e el non tivese reparo ningún por lle aceptar o reto.

»Unha noite, despois de saírmos de cear da "Mexicana", logo do penúltimo altercado entre EBA e el, con Casares e comigo de estatuas levemente afónicas, atrevínme a preguntarlle: "¿Que centellas che pasa,

Jacinto, é que traes algunha conta pendente coa Santa Compañía e queres resarcirte maltratando os vivos?". Foi como se lle amentase a bicha. Olloume alporizado. Confésosche que temín que se guindase contra min para trabarme. Non obstante, contivo o xesto e repenando os cabelos preguntoume: "¿E ti como sabes iso?". Non o sei, Jacinto, intúo vagamente, despréndese do teu comportamento. "¿Sabes que Walter Benjamin defendeu que as fotografías, como os seres humanos, teñen inconsciente?" Non, non o sabía... ¿Pero iso que ten que ver contigo? "Benjamin sostén que a cámara fotográfica é capaz de reflectir aspectos da realidade que os nosos propios ollos non perciben". Xenial, Jacinto, porfie, ¿pero iso que afirma Benjamin que ten que ver contigo? "Rediós, Luís, ¿como non vai ter? Nos últimos meses, fotografe o que fotografe, sempre no revelado se me reproduce o retrato de Franco. Alí aparece ese piollo pato sen que eu comprenda nin como nin por que foi capaz de infiltrarse no meu laboratorio. Todas as fotos que levo feitas nos últimos meses rematan sendo imaxes do tirano: a cabalo, pescando, inaugurando nadas, disolvéndose nunha paisaxe devastada, arengando o baleiro, aceno militar, brazos en xerras... E, iso si, sempre con aquel seu sorrisiño de prosmas. Estou desesperado. Ese cabrón vai ser eterno, ese cabrón que me vén acosando desde hai preto de corenta anos, amargándome a vida, aniquilándome soños e obxectivos e agora, cando xa tiña que estar criando malvas, elabora esta infamia. Segue a estar en todos os lugares aos que lle tire unha foto. Anda a ensaiar comigo os xeitos de permanecer, de ser invulnerable ao tempo, de introducirse nas

fendas máis íntimas de min. ¿Ves ese farol? ¿Velo ben? ¿Estás seguro de que é un farol? ¡Non é un farol! Dos contornos da luz desprenderase unha sombra e esa sombra entrará no meu laboratorio e esa sombra asomará o microbio do bigote. Abonda con que eu lle tire unha foto. Non podo seguir vivindo así. Para min a fotografía foi sempre unha profesión de liberdade. E eu nunca saberei vivir sen liberdade e sen tecer liberdades coa fotografía. Antes suprimome”. Iso que dis é terrible, pero pensa no que me estás dicindo, Jacinto, ¿por que non o aproveitas e constrúes co resultado de todo ese material o mostrario arrepiante do franquismo? A ditadura é iso: permitir que o medo se faga cargo dos nosos actos cotiáns, que invada a nosos hábitos, que metastatice a nosa rutina. Non o permitas, rebélate. Fai esa maldición o teu traballo fotográfico máis comprometido. Manipula o revelado ata converter o cabrón nunha choqueirada explícita. Se non podes con el, fai coma Valle-Inclán: ponlle a lente cóncava ou a convexa... Sería unha contribución á liberdade. Unha máis, Jacinto. Ti, que xa levas pagado, neste asunto, unha minuta considerable.

»Tiven a impresión de desconcertalo. Supoño que nunca contemplara un procedemento tan cruel e doloroso para espantar aquel seu meigallo. Olloume fite a fite e concluíu: “Non estou moi seguro desa audacia. Ben sabes como desprezo os fotógrafos pictorialistas. Eu sempre fun un depredador con cámara na man, é certo, pero ameí a vida, apaixonadamente, e nunca permitín que a violencia me ditase a sentenza. Por iso nunca a disfracei. Non fixo falta. Agora ben, creo que desta vez o asunto paga a pena”. ¡Tes que estar seguro,

Jacinto! Ben sei o bárbaro que será para ti afrontar este reto: vivir emboscándote contra as sombras de Franco. “Grazas polo consello, Luís. Eu non sei que faría en Serenou sen Carlos e sen ti e sen o avésporas de Eduardo turrándome do xenio. Esta cidade sería un responsorio insufrible. Terás noticias miñas. Mañá marcho a Baiona. Vou pasar alá uns días”.

Deixou transcórrexer un silencio inesperado Luís Mariño e, mentres se servía a penúltima, desde un abatidísimo murmurio observou que era, agora si, o momento de convocar a Macbeth na prodixiosa dicción de Richard Burton e deixar que sombras abafadas anegasen aquela habitación do Preguntoiro. Advertín que Luís se afanaba en escoller escena e acto. Era a quinta do quinto, alí, onde quixo Shakespeare que fose todo xa irremediable, onde un director de escena con talento vestiría o aire de catástrofe, onde Macbeth, quero dicir, Richard Burton, despois de escoitar de palabras de Seyton que a Raíña morreu, coa lucidez da derrota determina:

«Non debería a morte de madrugarlle tanto. Tempo habería de escribir tal palabra. Mañá, mañá, mañá... deslizando vagarosamente de día en día ata as últimas sílabas do tempo consignado; e non obstante todo canto foi o noso onte iluminoulle aos estúpidos o camiño da extinción. Extíngete, extíngete, pois, fugaz vagalume, que a vida non é máis ca unha sombra que pasa, un pobre actor que axita e repoleira unhas horas na escena para ser esquecido nun suspiro. É o conto que conta un insensato, abondoso de carraxe e de ruído que nada significa...»

—Non o volví ver —dixo Mariño, aldraxando coa súa voz esquinada a eufonía impecable do galés.

—¿A quen? —debín de responderlle cabreado por perturbar de xeito tan inconveniente aquel momento excelso.

—A Jacinto Sastre. Suicidouse tres días despois da nosa despedida en Serenou. Tampouco a el a morte debeu de madrugarlle tanto. Ese vinilo que escoitas foi o seu último agasallo. Envioumo cunha carta de despedida.

—¿Por que se suicidou? —Atrevínme a turbar a abatemento de Mariño.

—Dun suicidio, con algo de sorte, chegamos a saber onde, cando e como, pero nunca o porqué. Porén, Jacinto Sastre, a quen este perdulario país lle debe gratitude e honra, fíxome destinatario dos seus últimos segredos. Eu, no seu caso, creo que tamén faría o mesmo. Prescindírame.

Incorporouse Luís Mariño da butaca sen signos aparentes de levar aloxada canda el, naquela tarde, botella e media de J. W. e dunha gabeta do seu escritorio extraeu unha carta na que se advertían os estragos do tempo.

—Mira, aquí está. Non sei de qué maneira, pero é un dos escasísimos papeis que logrei salvar das miñas múltiples mudanzas. Podes lela. Teño para min que foi un dos seus últimos actos antes do adival. Aforcouse. Era un tipo cun par.

Ao lonxe, Macbeth procedía a baterse contra Macduff na batalla final no Preguntoiro, pero eu non lamentaba a morte de quen fora designado por Bloom como a grande máquina asasina, senón porque a súa morte me usurparía a ocasión de seguir oíndo aquela asombrosa

voz, ennobrecida de disipación e longos anos de alcohol, de Richard Burton.

A letra de Jacinto Sastre era miúda, expresiva, atenta. Non parecía que aquela caligrafía agachase un home que tivese tomada a decisión de descartarse. No entanto, non estaba Mariño para que eu perdesse o tempo con disquisicións autógrafas.

—¿Queres lela!

—Deixa primeiro que morra Macbeth.

«Non me renderei para bicar unha terra amastrugada polo mozo Malcolm nin para ser perseguido polos xuramentos da canalla. Aínda que a fraga de Birnam viñese a Dunsinane e ti non naceses de entrañas de muller, arriscareino todo. Diante de min estendo o meu escudo de guerra. ¡Fire, Macduff, lacera pois e que vaia canda el a maldición ao que berre primeiro: abonda xa.»

—Xa está —dixo Luís—, na próxima escena entrará Macduff traendo de trofeo a cabeza de Macbeth.

Comecei a ler a carta que Jacinto Sastre lle enviara a Mariño vinte e tres anos antes. Era moi breve. Misteriosamente, empezaba coas últimas palabras que Shakespeare lle encargara a Macbeth...

Estimado Luís: «Vaia canda el a maldición ao que berre primeiro: abonda xa».

Ata aquí cheguei. Grazas polo consello. Deume forzas para vivir uns días máis. Quixen facerche caso e ponderei seriamente a túa indicación. Pero esta tarde souben que todo me invitaba a desaparecer: tiña

gardados uns negativos que pretendían ampliar aquela serie de mil novecentos trinta e dous que titulara «Ventoleira e vinganza». Abrigaba a esperanza de que de alí emerxesen retratos de Franco azafranado de garda civil: «Patetismo túzaro» tiña que ser o título. ¿Sabes o que tirei do revelado? ¡Dezaseis retratos da Collares, emperifollada de noxo! Tal como o les, amigo Mariño: ¡dezaseis retratos de Carmenciña Polo, a subela de Meirás! Ese raposo non só pretende amargarme os días, intenta ademais volverme tolo. Non o logrará. Sei o que teño que facer. Un abrazo.
PD. Aí che vai o Macbeth que ti tanto cobizaches.

ENTORNO FOTOGRAFICO 2007

—Era grande. Foi grande Jacinto Sastre.
—Teño que che confesar, Luís, que ata esta tarde nunca oíra falar del.
—Dos máis grandes nunca se fala neste país ou se se fala é para tramarlles unha biografía conveniente. Vivimos rodeados de choranabizas. Nunca chegaremos a nada. Con Jacinto Sastre procedeuse a unha ocultación vergoñenta, como se o recoñecemento da súa obra comprometerse a súa vida, e, sobre todo, desvelase as lexítimas razóns do seu suicidio. Unha insensatez moi frecuente en países hipócritas que se gardan de si mesmos e que senten pavor a recoñecer as contradicións que os alimentan. Velaí o noso caso. Non ten razón Cuevillas: si que desapareceremos, si que desapareceremos, e na noite das nosas exequias os últimos galegos celebrarán, eufóricos, unha verbena amenizada co que quede dos «Satélites», con moito chachachá e moita cumbia. Conmovedor.
—¿Ti cres?

—¿E ti tes algunha testemuña relevante para acreditar no contrario? Se queres, empezamos a indagar na nosa historia. Desde o Medulio... Pero con todas as consecuencias. E nada de esceniñas patrióticas.

—Non, por favor. A estas horas de alcohol non creo que conveña. Ti estás demasiado lúcido e eu historiado de máis.

Xa non me acorda se Luís visitou o Medulio aquela tarde e teceu alegorías ao respecto. Presumiría dunha aturada que non teño se digo que estaba en pleno exercicio das miñas facultades e coa solvencia ilesa. Non. Como noutras ocasións nas que Mariño remataba por enlearme nas súas bebedeiras, aquela vez volvían a reclamar a miña rendición, pedín que me aceptase o cese e circunspectamente solicitei retirarme ao meu piso do Ensanche, sen estar moi seguro de me saber orientar no rueiro borroso e labiríntico que me agardaba fóra. Non volvemos, Luís Mariño e eu, a falar deste asunto e a figura de Jacinto Sastre quedou localizada nun problemático faiado de sospeitas difusas. En realidade, naquelas entretidas etílicas o único argumento venerado por nós era o do whisky, e as divagacións coas que o regabamos eran apenas incidencias que sempre remataban diluíndose ao tempo que a resaca. Así foi tamén neste acaso.

Dixen que esquecera esta historia por completo e que só dous azares acosando non sei qué de min activaran os artificios do recordo, permitíndome pronunciar o nome de Jacinto Sastre tantos anos despois: dispoñíame a iniciar a lectura do libro de Santiago Lamas *Ferrín e outras historias* cando unha chamada de Benito Losada interrompeu o capítulo. Solicitábame o responsable do

Outono Fotográfico de Serenou que enfiase unhas liñas a xeito de proemio para o catálogo que recollería a súa vixésimo quinta edición. Non lle souben negar ao amigo recado tan cordial e creo que só lle releí as datas da entrega. Emprazoume a setembro e eu proclamei outubro por certas hipocondrías revolucionarias pero, sobre todo, porque me sei debedor de gratas indolencias. Resolvería a encomenda fotográfica de Losada regresando a certas prazas de Serenou que viron transcourir a miña infancia e lembraría a súa luz paradoxal: de derrota e discordia, de vertixe e de asombro. Ese era o propósito. Esa era a fotografía. Pero as páxinas de Santiago Lamas alteráronme o plano: faltaba alguén. No apartado que o psiquiatra de Toén lle dedicaba ás mortes por propia man faltaba aquel fotógrafo do que me falara Luís Mariño nunha tarde de outono de mil novecentos noventa e sete. Faltaba Jacinto Sastre.

Cumpría reparar aquel esquecemento.

Pero eu xa non tiña comigo a Luís Mariño para verificar as lembranzas desa tarde: levouno un cancro de gorxa no outono de dous mil un, mentres el porfiaba en darlle de beber ao bicho. Os que citaba Mariño no relato tampouco estaban: Eduardo Blanco Amor desaparecera nun taxi polas rúas de Vigo moitos anos antes e a Carlos Casares vencérao o corazón un día de marzo de dous mil dous levando canda el o seu prodixioso arquivo.

Non ignoro os buracos desta historia, as gretas evidentes que de manterme lúcido esa tarde non estaría lamentando agora. Pero así son as cousas.

Nota:

Comentando unha exposición do fotógrafo norteamericano Walker Evans (1903-1975), afirma o crítico de arte Michael Kimmelman nun artigo publicado en *The New York Times*, o catorce de setembro de dous mil seis, que «o proceso dixital está permitindo descubrir pormenores incrustados nos negativos». E para ilustrar a súa a tese, expón dous casos utilizando o material fotográfico do propio Evans: o fantasma redivivo de «Unha moza en sombras, na porta dun chiolo, xunto a estrada de Birmingham, Alabama» e espectros que son «Fotos de carné na xanela dun estudio de fotografía de Savannah, Georgia». ¿Quen podería imaxinar tal cousa, sen que fose considerada unha alucinación, nos tempos de Jacinto Sastre? E velaí. Gustárame poder chamar a Luís Mariño e que me emprazase a outra tarde de whisky e entelequias para compartirmos esta revelación. Seguro que cun sorriso compracido sentenciaría: Era grande Jacinto. Tiña razón. Só cometeu un erro: nacer antes de tempo.

OUTONO FOTOGRAFICO 2007

Brión, outubro de 2007